

EXPEDIENTE: 2022/E001/000003

ASUNTO: CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS DO CONCELLO DE DODRO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO VI

A Resolución da Alcaldía núm. 191/2022 de 06/06/2022 resolveu, entre outros: *“Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de candidatos/as que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego para traballadores/as sociais do Concello de Dodro.”*

A selección foi regulada polas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 23/2022 de 27 de xaneiro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 2 de febreiro de 2022 (BOP núm. 22) e na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro”.

A base novena das que regulan o proceso selectivo establece no seu apartado 5 que *“A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustificado non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia a tres ofertas sen xustificar será causa de colocación no derradeiro lugar da Bolsa de Emprego durante 6 meses. Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes: a) Estar en período de descanso paternal ou maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico. c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado médico”.*

Efectuados chamamentos á seguinte integrante da bolsa de emprego e logo de ver que renunciou a tres ofertas sen aportar ningunha das xustificacións reguladas na base arriba indicada:

Apelidos e nome	DNI
Nuria Rey Radio	***190***

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación, e ao abeiro do previsto nas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 23/2022 de 27 de xaneiro de 2022, **RESOLVO:**

Primeiro.- Actualizar a bolsa de emprego para traballadores/as sociais do Concello de Dodro, cuxa orde de prelación queda establecida do seguinte xeito:

Número de orde	Apelidos e nome	DNI
1.	Pazos Lojo Ana	***225***
2.	Martínez Becerra María Dolores	***593***
3.	González Varela Yolanda	***972***
4.	Fernández Dopazo María del Carmen	***118***

5.	Otero Sabarís Ana	***170***
6.	Bouzón Vila Tamara	***627***
7.	Gago Moledo Leticia	***169**
8.	Espiño Louro Sonia	***888***
9.	Rivas Nogueira Graciela	***464**
10.	Ces Comojo Noela	***032***
11.	Moreno Morales Ana Belén	***326***
12.	Ramírez Abal Irene	***135***
13.	Hernando Martínez Paula	***896***
14.	Pereira Barcia María	***945***
15.	Silva González Irma María	***995***
16.	Estévez Barros Adriana	***445***
17.	Rodríguez Tubío Cristina	***863***
18.	Pérez Pazo Andrea	***547***
19.	Varas Noguero Adoración	***286***
20.	Tempra Peneireiro María José	***383***
21.	Malvido Rodríguez María Azucena	***395***
22.	Otero García Vanessa	***071***
23.	Rey Radio Nuria	***190***

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*